

CONCURSO LOGOTIPO CLUB DE ARTE

O obxectivo do club integ**ARTE** é promover e fomentar, nos tempos de lecer, diferentes actividades artísticas, creando un ambiente de harmonía e compañeirismo.

PRETENDEMOS

Gozar realizando actividades que nos resulten gratificantes.

Mellorar a nosa contorna de formas diversas: humanizaremos espazos do centro pintando muros, realizando exposicións artísticas, decorando o centro cos nosos proxectos...

Aprender diferentes técnicas de forma guiada pero tamén investigando e experimentando coa escultura, fotografía, acrílicos, linograbado....

O noso club chámase **integrARTE** e formámolo:

- **ALUMNADO** de todos os niveis (ESO e BACH)
- **PROFESORADO** de diversos departamentos (ARTES PLÁSTICAS, BIOLOXÍA, XEOGRAFÍA E HISTORIA, MATEMÁTICAS, TECNOLOXÍA, FRANCÉS E LINGUA GALEGA).

NECESITAMOS UN LOGOTIPO QUE NOS REPRESENTA

O noso club tenta chegar a todo tipo de alumnos e alumnas que teñan en común o gusto polas diferentes manifestacións e técnicas artísticas (pintura, escultura, debuxo, fotografía....). Utilizaremos esa “firma” nos diferentes proxectos que realicemos.

A idea é libre totalmente. Poden ser só letras, pero tamén imaxes con letras. O único requisito é que o nome do club ten que ter dúas cores (os que queirades) e combinar as maiúsculas coas minúsculas da seguinte maneira:

integrARTE

Lembre que ás veces MENOS é MÁIS, e nun logotipo valórase a simplicidade.

PRESENTACIÓN EN PAPEL CON FONDO LISO (no cuadriculado, rallado...) OU EN FORMATO DIXITAL (optima resolución).

DATA: ANTES DO 19 DE DECEBRO DE 2024